

RESPOSTA Á CONSULTA SOBRE OS PROGRAMAS OPERATIVOS DOS FONDOS EUROPEOS FSE+ E FEDER GALICIA 2021-2027

ANTECEDENTES

1.- En data 27 de abril de 2022 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) escrito da Dirección Xeral de Planificación dando conta da apertura dun período de consulta pública como parte do proceso de elaboración, execución e avaliación dos programas operativos dos fondos europeos, en concreto do PO FSE+ e do PO FEDER GALICIA 2021-2027. No marco dese proceso, abríase a posibilidade de que o CES poidese achegar as súas opinións respecto aos documentos que sintetizan o traballo programático realizado ata o momento.

2.- A petición foi remitida, nesa mesma data, a todos os membros do Consello para que fixeran as súas valoracións e opinións sobre os devanditos programas operativos. Coas aportacións recibidas, convocouse unha sesión da Comisión sectorial nº 3, *Desenvolvemento rexional*, competente por razón da materia, para a elaboración dun documento de síntese que recollera a opinión do CES sobre este asunto.

3.- A Comisión sectorial nº 3, na súa sesión 1/22, do 11 de maio, acordou aprobar a proposta de consideracións xerais e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

4.- A presidencia do CES convocou á Comisión Permanente do organismo que, na súa sesión 9/22, do 20 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o presente documento de resposta á consulta efectuada.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- PARTICIPACIÓN DO CES GALICIA EN TODO O PROCESO

A participación dos interlocutores económicos e sociais na planificación dos fondos e na execución é un elemento moi relevante, como así recolle a normativa que os regula: “O principio de asociación implica a plena participación dos interlocutores económicos e sociais, que deben ser tidos en conta para que estes instrumentos respondan realmente aos obxectivos de cohesión e sexan realmente efectivos”.

O CES Galicia participa na actualidade nos Comités de Seguimento dos Fondos, pero entende que é necesaria a súa participación en todas as fases, como a planificación e o proceso de elaboración daqueles documentos que serán de máxima importancia para a implementación dos Programas Operativos e para a súa eficacia, como poden ser os criterios e procedementos de selección de operacións dos devanditos programas. É nos devanditos documentos nos que se incorporan moitas das condicións que despois farán máis ou menos exitosa a aplicación das medidas recollidas nos Programas Operativos.

Aínda que é pertinente o actual proceso de consulta pública para que o CES participe, considérase necesario retomar a canle directa e específica, como xa houbo no seu momento, a través dunha mesa específica na que participaba o CES e os departamentos da Administración competentes na materia.

En particular, sería desexable manter unha reunión de presentación da proposta:

- Obxectivos Políticos e Específicos
- Distribución financeira da axuda FEDER/FSE entre estes
- Requisitos de concentración temática
- Tipos de intervención e a súa descrición (obxectivos, necesidades que atende a acción,...)

2.- APROBACIÓN DOS PROGRAMAS OPERATIVOS

O CES considera prioritaria a aprobación dos Programas Operativos no menor tempo posible, que permita dispor dos Fondos previstos canto antes. Neste senso, enténdese necesario un cambio ou unha revisión nos procedementos de aprobación da normativa e toma de decisións co obxectivo de que o período de programación e execución se vaian aproximando.

Neste momento de circunstancias realmente complicadas no ámbito económico provocado entre outras circunstancias polo covid e posteriormente a invasión de Ucraína, a Unión Europea articulou recursos e instrumentos sen precedentes para transformar a nosa

economía e facer fronte á situación de empresas e persoas traballadoras. Pero ademais das medidas extraordinarias aprobadas, o CES considera que o deseño e próxima aprobación dos Programas Operativos que integrarán a planificación plurianual dos Fondos Estruturais no período 2021-2027 deben ter en conta as especiais circunstancias que estamos a vivir.

O CES-Galicia considera que os devanditos Fondos deben tamén contribuír de maneira decidida a transformar o noso modelo produtivo e atender ás necesidades reais dos colectivos aos que van dirixidas cada unha das medidas. É por iso que con carácter xeral os novos instrumentos deben:

- Reducir na medida do posible o tempo para a súa posta en marcha.
- Reducir a carga burocrática para a súa solicitude, xestión e xustificación do gasto. A modo de exemplo, considérase positivo a utilización de custos unitarios, sumas a tanto alzado ou tipos fixos, que require informes técnicos que avalen as actuacións e logo demostrar que se desenvolveron as mesmas.
- Apostar por modelos e deseños flexibles, que sen distraer os obxectivos aos que deba atender cada medida, permitan que os beneficiarios poidan acceder ás axudas e que estas respondan ás súas necesidades.

3.- COHESIÓN ECONÓMICA-SOCIAL-TERRITORIAL

O CES considera necesario insistir na importancia dos principios horizontais e de complementariedade, en especial na actual situación de crise social e económica. Neste senso, dende un punto de vista social, pódese mencionar que se está a producir unha medra da desigualdade e exclusión social, fenómeno complexo que fai referencia á dificultade dos individuos para acceder aos bens e servizos esenciais para garantir unha calidade de vida digna e un desenvolvemento persoal e social satisfactorio.

Asemade, o CES considera que para o fortalecemento do tecido social e unha sociedade máis igualitaria é necesaria unha maior participación feminina nos diversos espazos do ámbito público. Son necesarias pois, entre outras, medidas que fomenten a inclusión, a promoción dos dereitos das mulleres, a igualdade e a equidade na educación, no ámbito laboral e no político.

Por último, tendo en conta a dimensión do ámbito rural galego, o CES entende que é importante facer fincapé no equilibrio territorial das medidas que se poñan en marcha co devandito obxectivo da cohesión.

4.- AVALIACIÓN DO IMPACTO

O CES considera necesario facer un maior fincapé na avaliación das medidas aprobadas e a súa adecuación ás circunstancias actuais, polo que propón unha mellora dos mecanismos de

análise de impacto. Unha avaliación ben desenvolvida é unha oportunidade de aprendizaxe orientada á superación e á mellora continua.

Asemade, tendo en conta que as políticas aprobadas van máis aló de períodos de programación concretos, o CES entende necesario que todas as accións e programas deben ter continuidade e ser sostibles no tempo para poder afrontar as problemáticas axeitadamente.

5.- LICITACIÓNS E CONTRATOS PÚBLICOS

Parte das medidas contidas nos Programas Operativos precisarán acudir a procesos de contratación pública.

Por unha banda, o CES entende que serán importantes as medidas de axilización que poidan ser consideradas para que sexa posible dentro do período a tramitación dos contratos e a súa execución coa maior eficiencia, é dicir, no menor tempo posible sen prexuízo das garantías legais esixibles.

Asemade, considérase imprescindible que a previsión orzamentaria incorporada aos Programas Operativos e a presupostos base das licitacións necesarias para a súa execución sexa suficiente e adaptada á realidade do mercado. É dicir, que o prezo de partida fixado por parte das Administracións non esté por baixo dos custos de mercado.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022